EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 5ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- Diferenza entre racionalidade teórica e práctica.

2.- Condicións ou requisitos da racionalidade práctica, e planos da mesma.

3.- A Gnoseoloxía.

4.- Contraposición entre Empirismo e Racionalismo.

5.- Posición de Kant na polémica entre Empirismo e Racionalismo.

6.- Contraposición entre realismo e idealismo.

7.- Qué se entende por Metafísica?

8.- Teoría antropolóxica emerxentista.

9.- Contraposición entre metafísicas materialistas e espiritualistas.

10.- Como describen a experiencia relixiosa.

Respostas:

1.- A racionalidade teórica refírese ao coñecemento e busca maximizar a veracidade das nosas opinións sobre a realidade.
A racionalidade práctica refírese ao comportamento e busca maximizar as posibilidades de acadar os propios fins ou metas.

2.- A racionalidade teórica é unha condición básica presuposta para a racionalidade práctica. Pero ademais, as condicións ou requisitos específicos da racionalidade práctica son:

a) Conciencia clara dos propios fins e proxectos.
b) Xerarquización dos fins.
c) Coherencia e compatibilidade dos diferentes fins.
d) Articulación dos medios adecuados para a consecución dos fins.
e) Disposición a revisar e reformular o propio sistema de fins.

Os planos da racionalidade práctica son:

a) a racionalidade técnica, que se rexe pola lóxica da eficacia, e
b) a racionalidade moral, que se cuestiona os fins últimos da propia vida

3.- A Gnoseoloxía ou Teoría do coñecemento en xeral (Epistemoloxía na Filosofía de fala inglesa) trata da posibilidade mesma de coñecer, analizando as bases, validez, alcance e límites do mesmo.

4.- O Empirismo considera que a orixe de todo coñecemento reside na experiencia sensible, que aporta todos os contidos do mesmo.
O Racionalismo desconfía da experiencia sensible, por considerala enganosa e pouco fiable. A única fonte fiable de coñecemento é a razón dedutiva, que opera partindo de ideas ou principios innatos.

5.- Kant realizará un intento de síntese entre empirismo e racionalismo:
- todos os contidos do coñecemento proceden da experiencia; sen ela non hai coñecemento posible.
- pero as estruturas e leis coas que se elaboran os contidos da experiencia non proceden da experiencia, son *a priori*.

6.- O realismo dá por suposta a existencia dunha realidade obxectiva, allea e independente do propio suxeito do coñecemento.
O idealismo considera que só coñecemos directamente son as nosas ideas ou representacións, non as cousas en si, cuxa existencia é problematizada e deberá ser demostrada.

7.- A Metafísica constituíuse ao longo da historia do pensamento occidental como un pretendido saber especulativo da razón que traspasa os límites da experiencia.

8.- A teoría antropolóxica *emerxentista* distingue no ser humano diferentes niveis con propiedades características propias e irredutibles entre si, pero considera que os niveis superiores xorden dos niveis inferiores nun proceso de complexidade crecente.

9.- As metafísicas materialistas consideran que a realidade fundamental é a material, reducindo o plano psíquico, mental ou espiritual a meros produtos da actividade material do cerebro (monismo antropolóxico).
As metafísicas espiritualistas conciben a realidade fundamental como algo inmaterial (idea ou espírito) negando a realidade material ou degradándoa ontoloxicamente como mera copia, imitación ou mero soporte de espírito.

10.- A experiencia relixiosa do sagrado adoita ser descrita como unha experiencia inefable dun poder absoluto e transcendente, que se presenta como un misterio fascinante e tremendo ante o que o suxeito humano se sente moi pequeno e impotente, e que provoca nel un temor reverencial.